



CONCELLO DE A BOLA
(OURENSE)
C. P. 32812 - Telf. 988 45 12 93

BANDO MUNICIPAL DA ALCALDÍA DA BOLA

Axudas autonómicas para a corrección de impactos paisaxísticos (2026)

A Alcaldía do Concello da Bola informa da convocatoria de axudas da Xunta de Galicia para mellorar a paisaxe en inmobles e terreos de propiedade privada durante o ano 2026.

OBXECTIVO DAS AXUDAS

Financiar actuacións que eliminen ou reduzan impactos visuais negativos, tales como:

- Fachadas en mal estado.
- Cubertas deterioradas ou con materiais inadecuados.
- Muros e cerramentos discordantes coa contorna.

Especial atención a bens situados en ámbitos de especial interese paisaxístico.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Entre outras:

- Restauración ou revestimento de fachadas.
- Renovación ou substitución de cubertas (ex.: retirada de fibrocemento).
- Mellora ou restauración de muros de peche e valados.

CONTÍA DA AXUDA

- Ata o 70 % do orzamento subvencionable.
- Máximo: 3.000 € por solicitante e ben.
- Concesión por orde de entrada ata esgotar o orzamento.

PERSOAS BENEFICIARIAS

- Persoas físicas propietarias ou usufrutuarias do ben.
- Unha solicitude por ben, podendo incluír varias actuacións.
- En caso de usufruto ou copropiedade: autorización dos titulares.

REQUISITOS IMPORTANTES



CONCELLO DE A BOLA
(OURENSE)
C. P. 32812 - Telf. 988 45 12 93

- Dispoñer de comunicación previa ou licenza municipal, se procede.
- Cumprir a Guía de cor e materiais de Galicia e normativa vixente.
- Integración estética adecuada na contorna.



PRAZO DE SOLICITUDE

- 1 mes desde o 7º día hábil posterior á publicación no DOG.



PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- Obrigatoria vía electrónica:



<https://sede.xunta.gal>

- Documentación habitual:
Memoria descritiva.
Fotografías do estado actual.
Orzamentos (e varias ofertas se procede).



MÁS INFORMACIÓN

- Oficinas municipais do Concello da Bola.
- Instituto de Estudos do Territorio (a través da sede electrónica).



Recoméndase preparar a documentación con antelación para presentar a solicitude correctamente dentro do prazo.

A Alcaldesa-Presidenta

Dona María Teresa Barge Bello